

## POR QUÉ REIVINDICAR ·#ENCAIXAMOSIGUALCATI?

Para una persoa que recibe un diagnóstico de TDAH, é duro aceptar, que o que deica ese momento era (dende a frivolidade e o descoñecemento) un “non quere”, “é un vago/a”, “tómame o pelo”, “se lle esquece todo”... transfórmase nun NON PODO. Admitir que ten limitacións para: concentrarse, para organizarse, para parar e pensar...

Pero máis duro aínda é sentir que día si e outro día tamén os nosos dereitos son cuestionados e desprezados. É dicir, sentimos que non encaixamos o non nos DEIXAN encaixar nesta sociedade.

Existe un CUESTIONAMENTO frívolo e cruel do diagnóstico. PERMÍTESE dende os responsables sanitarios, educativos e sociais, dende o SILENCIO, que se negue a existencia do TDAH. ¡¡BASTA XA!! QUEREMOS unha implicación REAL e VISIBLE das institucións.

Ao chegarmos aos 18 anos...volvemos a NON ENCAIXAR, o tratamento farmacolóxico ELIMÍNASE e incluso dáse de alta ás criaturas afectadas. O argumento é que a medicación NON está definida para a persoa ADULTA, NON É CERTO. Neste momento, no caso de que se leve dende a infancia, o tratamento pode continuar. Como pouco, é curioso que se o coste do tratamento o asume a persoa, SI pode tomar a medicación. Vólvesenos a discriminar por unha cuestión económica. SI ou SI pedimos continuación da intervención pública ao longo da vida.

A miúdo a persoa con TDAH diagnóstícase na idade adulta, normalmente é pola presenza de limitacións e dificultades graves a nivel laboral, de parella, relacións sociais, que probablemente cunha intervención a idade temperá non se tería chegado a esa situación.

Neste este momento non se nos PERMITE ENCAIXAR por:

- Falta de profesionais públicos con coñecemento e conciencia sobre o TDAH. NECESITAMOS, formación para los profesionais públicos.
- Falta de recoñecemento da nosa Sanidade, da persistencia e cronicidade do TDAH que continúa na idade adulta.
- Unha limitación no acceso á financiación pública de algún dos medicamentos indicados nas guías da práctica clínica do trastorno recoñecidas a nivel internacional
- Unha limitación no acceso a postos de traballo a pesar de que as diferenzas cerebrais propias do trastorno traen consigo fortalezas e habilidades únicas que poden ser de gran beneficio no lugar de traballo se son recoñecidas e utilizadas, como se recolle no manifesto deste ano de ADHD EUROPE.

**QUEREMOS QUE SE NOS RECOÑEZA**

**QUEREMOS MOSTRAR AS NOSAS AFOUTEZAS, QUE GRACIAS AO TDAH TEMOS E QUE NOS FAN PERSOAS ADULTAS ÚNICAS**

**¡¡QUEREMOS ENCAIXAR!!**